



TAREFA 1 – CREA VISUAL

1º TRIMESTRE

“A MORE ACCESSIBLE TUI”

3º e 4º de Educación Primaria

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	A MORE ACCESSIBLE TUI		
ETAPA:	Educación Primaria	NIVEL:	3º e 4º (2º ciclo)
ÁREAS:	Educación Plástica e Visual, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Proxecto Competencial	PROFESORADO:	Eva Álvarez Vidal
DESCRIPCIÓN:			
<p>Trátase dunha tarefa a desenvolver ao longo de todo o curso académico, onde o alumnado aprenda a manexar diferentes formas de expresións de mensaxe, tanto de forma expresiva como de forma audiovisual.</p> <p>Crearemos ao longo do curso unha campaña publicitaria. Neste primeiro trimestre, aprenderemos sobre a creación de carteis publicitarios, tendo en conta a temática traballada, estreitamente relacionada co ODS 10: “reduced inequalities”</p>			
 			
XUSTIFICACIÓN:			
<p>Tendo en conta o contexto do centro e a súa contorna, centrámonos na creación dunha campaña publicitaria para conseguir un Tui máis accesible para todos e todas, detectando necesidades e propoñendo diferentes alternativas para que poidamos convivir nunha contorna máis accesible e, polo tanto, máis inclusiva.</p> <p>Grazas a esta tarefa, buscamos que o alumando desenvolva unha aprendizaxe significativa e se implique na creación de propostas para favorecer así o desenvolvemento do DUA.</p> <p>Desenvólvense desta forma, diferentes competencias clave: á CCL ao interactuar no equipo e comunicar de diferentes xeito desenvolvendo así as destrezas lingüísticas; á CP ao empregar diferentes linguas, neste caso o ámbito CreaVisual impártese de xeito bilingüe (galego- inglés); á STEM ao buscar a transformación da contorna mediante distintos medios, empregando a comprensión e a explicación da contorna;</p>			

á CD ao fomentar o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das TICs; á CPSAA ao reflexionar sobre o traballo realizado, xestión de tempos, ser resiliente..., á CC buscando que o noso alumnado forme parte dunha cidadanía responsable e comprometida na vida social e cívica; á CE coa intención de que as nosas propostas cheguen a desenvolverse; e á CCEC desenvolvendo a comprensión e respecto das ideas, opinión e sentimentos das persoas coas que convivimos e traballamos.

Ademais, contribúese ao desenvolvemento dos elementos transversais: prevención de resolución pacífica de conflitos, liberdade, xustiza, igualdade...

CONTEXTO:

Ámbito CreaVisual, aula de 3ºB de Educación Primaria.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
SESIÓN 1		
<p>Círculo proactivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - If you could make an advertisement, what would it be about? - Why? 	<p>CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. OBX3</p> <p>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. OBX4</p>	<p>Diario de aula. Lista de control.</p>
<p>Cartel e videos publicitario.</p> <p>Rutina de pensamento: see – think - ask</p>	<p>CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando os canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferencias e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. OBX2</p> <p>CA1.1. Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre</p>	<p>Lista de control.</p>

	temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. OBX1	
Que é a publicidade? Texto informativo e cartel. Rutina de pensamento: compare and contrast.	CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando os canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferencias e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. OBX2	Lista de control.
SESIÓN 2		
Círculo proactivo: - What is inequality? - Do you think Tui is accessible?	CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. OBX3	Diario de aula. Lista de control.
Briefing: detección de necesidades	CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles dende a igualdade e o respecto á diversidade. OBX4	Lista de control.

	CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. OBX2	
Rutina de pensamento: before I thought, now I think	CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario. OBX3	Lista de control.
SESIÓN 3		
Círculo proactivo: - Why is advertising so important?	CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. OBX3	Diario de aula. Lista de control.
Slogan	CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas y culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. OBX1	Lista de control.
Creación dun novo slogan	CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. OBX5	Lista de control.
Cartel publicitario: partes	CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando os canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas	Lista de control.

	diferencias e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. OBX2	
Planificación do anuncio	<p>CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade o respecto á diversidade. OBX4</p> <p>CA2.1. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento. OBX5</p>	Lista de control.
SESIÓN 4		
Círculo proactivo: - What do you think is esencial in an advertising poster?	CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. OBX3	Diario de aula. Lista de control.
Elaboración do produto final: cartel publicitario	CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade o respecto á diversidade. OBX4	Lista de control.

	CA3.1. Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. OBX3	
Reflexión metacognitiva e avaliación do traballo Rutina de pensamento: headlines	CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. OBX2	Lista de control.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde una perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Interacción oral adecuada en situación de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos comics.
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.

- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
Caderno de equipo	Reparto dos cargos de equipo.	Compromisos dos cargos e reflexión das función.		
Círculo proactivo: - If you could make an advertisement, what would it be about? - Why?	Sentámonos en círculo e proponse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		
Cartel e videos publicitario. Rutina de pensamento: see – think - ask	Visualización dun cartel publicitario.	Realización en folio xiratorio da rutina de pensamento <i>see – think -ask.</i>	Visualización do video publicitario “run like a girl”.	Realización en folio xiratorio da rutina de pensamento <i>see – think -ask.</i>
Que é a publicidade? Texto informativo e cartel. Rutina de pensamento: compare and contrast.	Presentación dos productos: texto informativo e cartel publicitario.	En pequeno grupo realizamos a rutina de pensamento <i>compare and contrast.</i>		

Introducción ODS10 Círculo proactivo: <ul style="list-style-type: none"> - What is inequality? - Do you think Tui is accessible? 	Sentámonos en círculo e proponse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		
Briefing: detección de necesidades	Preparación do material: tablets e material de escritura.	Toma de fotografías durante o traxecto detectando necesidades en pequeno grupo.	Volta ao centro.	
Rutina de pensamento: before I though, now I think	En folio xiratorio: primeiro comparto co grupo e despois escribo na 1ª columna (<i>before though</i>), reflexión antes da saída.	En folio xiratorio: primeiro comparto co grupo e despois escribo na 2ª columna (<i>before I think</i>), reflexión despois da saída.	Compartimos en gran grupo.	
Círculo proactivo: <ul style="list-style-type: none"> - Why is advertising so important? 	Sentámonos en círculo e proponse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		
Slogan	Unimos logos/marcas cos seus slogans.	Comprobación en gran grupo		

Creación dun novo slogan Rutina de pensamento: headlines	Presentación dunha imaxe por grupo.	Pensar en pequeno grupo un slogan para esa imaxe.		
Cartel publicitario: partes	Puzzle dun cartel. Empregamos a estrutura cooperativa do folio xiratorio.	Marcamos os 3 elementos principais que observamos no noso cartel con posits.		
Planificación do anuncio	Nun folio A3, preparemos un bosquexo do noso cartel.	Creación dunha lista de material, funcións...		
Círculo proactivo: - Que é para ti imprescindible nun cartel publicitario?	Sentámonos en círculo e proponse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		
Elaboración do produto final: cartel publicitario	Creación do produto en pequenos grupos de traballo.	Presentación dos produtos.		
Reflexión metacognitiva e avaliación do traballo Rutina de pensamento: headlines	En gran grupo: que aprendimos novo?	Coa estrutura 1-2-4 poremos un título ao aprendido no ámbito.	Avaliación dos compromisos e función dos cargos no caderno do equipo.	

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Caderno de equipo	Aula 3ºB	Pequenos grupos	Caderno do equipo	15-20 min
Círculo proactivo: - If you could make an advertisement, what would it be about? - Why?	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	10-15 min
Cartel e videos publicitario. Rutina de pensamento: see – think - ask	Aula 3ºB	Pequenos grupos	- Plantilla rutina de pensamento. - Cartel publicitario. - Vídeo publicitario: https://youtu.be/xH-9nWaqpws	40 min
Que é a publicidade? Texto informativo e cartel. Rutina de pensamento: compare and contrast.	Aula 3ºB	Pequenos grupos	- Cartel publicitario. - Texto informativo. - Plantilla rutina de pensamento	40-45 min
Introducción ODS10 Círculo proactivo:	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	10-15 min

<ul style="list-style-type: none"> - What is inequality? - Do you think Tui is accessible? 				
Briefing: detección de necesidades	Contorna próxima arredor do centro	Pequenos grupos	- Tablets. - Instrumentos de escritura.	1 hora
Rutina de pensamento: before I thought, now I think	Aula 3ºB	Pequenos grupos	Plantilla rutina de pensamento	30 min
Círculo proactivo: Why is advertising so important?	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	10-15 min
Slogan	Aula 3ºB	Pequenos grupos	Marcas/logos e slogans	20-30 min
Creación dun novo slogan	Aula 3ºB	Pequenos grupos	- Plantilla rutina de pensamento - Imaxe	20-30 min
Cartel publicitario: partes	Aula 3ºB	Pequenos grupos	- Puzzles carteis - Posits	10-15 min
Planificación do anuncio	Aula 3ºB	Pequenos grupos	Folio A3	40 min
Círculo proactivo:	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	10-15 min

- Que é para ti imprescindible nun cartel publicitario?				
Elaboración do produto final: cartel publicitario	Aula 3ºB	Pequenos grupos	Material de expresión artística	2 horas
Reflexión metacognitiva e avaliación do traballo Rutina de pensamento: headlines	Aula 3ºB	Pequenos grupos	- Plantilla rutina de pensamento - Caderno do equipo	30-40 min

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	Diario de aula Listas de control	Observación sistemática
PRÁCTICA DOCENTE	Rúbrica de autoevaluación docente	Observación sistemática Reflexión individual
DESEÑO DA TAREFA	Rúbrica de autoevaluación docente	Observación sistemática Reflexión individual

INSTRUMENTO 1: LISTAS DE CONTROL

	CRITERIO DE AVALIACIÓN	SI (1)	NON (0)	OBSERVACIÓNS
ED. PLÁSTICA	CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas y culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.			
	- Recoñece e distingue estilos das propostas artísticas.			
	- Ten curiosidade.			
	CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando os canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferencias e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.			
	- Identifica as partes do cartel publicitario.			
	CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade o respecto á diversidade.			
	- Participa na produción grupal do produto.			
	- Traballa de forma cooperativa.			
	CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.			
	- É respectuoso/a.			

	- Ten un comportamento axeitado: escoita activa, respecto polas ideas e aportacións dos demais...			
	CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles dende a igualdade e o respecto á diversidade.			
	- Participa na toma de fotografías para detectar necesidades.			
	- Traballa de forma cooperativa co seu equipo.			
	- Asume roles e responsabilidades.			
LGL	CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.			
	- Participa activamente nas propostas.			
	- Ten unha escoita activa.			
	CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.			
	- Emprega un vocabulario axeitado.			
	- Exprésase con coherencia.			
	CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.			
- Crea un pequeno texto (slogan) acorde ao tema traballado.				

ENGLISH	CA1.1. Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.			
	- Recoñece vocabulario empregado durante as actividades relacionadas co tema traballado.			
	- Ten intención de empregar o novo vocabulario.			
	CA2.1. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.			
	- Busca similitudes entre as linguas traballadas para empregar o vocabulario preciso.			
P.C.	CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.			
	- Emprega con coidado e responsabilidade os materiais precisos (tablet).			
	CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.			
	- Realiza unha reflexión sobre o proxecto (proceso e resultado).			
	CA3.1. Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.			
	- Presenta o proxecto apoiándose en materiais.			
- Coñece o proxecto realizado polo seu equipo.				

INSTRUMENTO 2: RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE

1. Planificación da actividade docente	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Os criterios de avaliación son obxectivos e claros.				
Teño planificadas medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE.				
2. Desenvolvemento da actividade docente.	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Nas actividades propostas, hai un emprego de diversidade de métodos e estratexias, incluíndo o emprego das TIC.				
Motivo ao alumnado e promovo o seu interese con recursos e estratexias didácticas.				
3. Seguimento das aprendizaxes do alumnado e decisións adoptadas para favorecer a mellora destes e destas.	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Emprego procedementos e instrumentos de avaliación axeitados.				
Realizo un rexistro individualizado dos progresos e realizacións do alumnado.				
Teño en conta a atención á diversidade na avaliación do alumnado e realizo as actividades adecuadas a este.				
4. Xestión da aula	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Planifico a miña actividade docente, preparo materiais e as propias actividades, organizo a aula...				
Promovo un ambiente de traballo que desenvolve actitudes de respecto e colaboración.				
Teño en conta as diversas capacidades de rendemento do alumnado e realizo actividades acordes a estas.				
5. Deseño da tarefa	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Teño en conta as adaptacións ás necesidades do alumnado.				

Emprego rutinas de pensamento en todas as sesións.				
Emprego estruturas de aprendizaxe cooperativo en todas as sesións.				
Inclúo variedade recursos materiais e humanos para lograr os obxectivos propostos.				